



Usnea filipendula Stirt.

Na ficha 7 indícase como recoñecer o xénero *Usnea*. *U. filipendula* vive nos troncos (fotos 1. 2) e nas polas das árbores, é común nos bosques húmidos caducifólios con frecuentes néboas.

Talo fruticuloso péndulo (fotos 1. 2) de 11-30 cm de longo. Poliñas principais (foto 3 a) de ± 1 mm de ancho (foto 5), nelas medran fibríñas de 2-3 mm de longo (foto 3 b) distribuídas \pm de xeito regular. Sorais puntiformes (foto 5 a) nos que poden medrar isidiomorfos de 0.2-0,3 mm (foto 5 b). Base negra (foto 4). Médula e cordón axial brancos. Xeralmente sen apotecios.

Fotobionte: Algas verdes.

Reaccións: negativas no talo. Médula K^+ vermello, C^- , P^+ amarelo. Hai varios quimiotipos menos frecuentes con distintas reaccións.

